

Servizo de Control de Riscos Ambientais  
N / ref SSF /grs

## ALCALDE DO CONCELLO DE MUGARDOS

### Asunto: Clasificación sanitaria final das zonas de baño vixente para a tempada 2024

O artigo 13 do Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño indica que durante a tempada de baño todas as administracións públicas teñen a obriga de informar e difundir ao público interesado de forma activa, rápida e a través de mecanismos de fácil acceso nas inmediacións de cada zona de augas de baño, a súa clasificación sanitaria e calquera prohibición de baño ou recomendación de absterse deste mediante unha sinalización sinxela e clara.

Para facilitarlle esta tarefa na vindeira tempada de baño, achégolle unha táboa coa clasificación sanitaria final na temporada 2023 das zonas de baño localizadas no seu concello:

Concello	Zona de baño - Punto de mostraxe	Tipo de auga	Código PM Eurostat	Nº RABG	Clasificación sanitaria
Mugardos	Bestarruza	Marítima	ES11100051M15051A1	COM1096291	<b>Excelente</b>

Nesta táboa inclúese a clasificación sanitaria calculada segundo o sistema de cálculo da Directiva 2006/7/CE.

Existen modelos de carteis que cumpren a lexislación vixente na seguinte ligazón:  
<https://www.sergas.es/Saude-publica/Carteis-información-praias>

ou a través da seguinte ruta de acceso:

[www.sergas.es](http://www.sergas.es) > *Temas* > *Saúde Pública* > *Sanidade Ambiental* > *Praias* > *Carteis de información para as zonas de baño*

Pode acceder aos datos microbiolóxicos das zonas de baño da tempada 2024 a través do Sistema de Información Nacional de Augas de baño (Náyade):  
<https://nayadeciudadano.sanidad.gob.es/Splayas/ciudadano/indexCiudadanoAction.do>  
e na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública:  
<https://www.sergas.es/Saude-publica/Tempada-baño-Datos-contróis>

A directora territorial

